

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 20 de decembro de 2005 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 6 de outubro de 2005.*

Convocada por Orde do 6 de outubro de 2005 (DOG nº 200, do 18 de outubro) a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co previsto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, coa nova redacción dada polas leis 4/1991, do 8 de marzo, e 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e no uso das facultades conferidas polo artigo 15.4º da devandita lei, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de dous postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 6 de outubro de 2005 (DOG nº 200, do 18 de outubro).

Segundo.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ao persoal que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O persoal mencionado deberá tomar posesión no prazo sinalado no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnalas directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses, contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

#### ANEXO

NRP ou DNI: 3498454146A1146.

Apelidos e nome: Gómez González, María Rosa.  
Grupo: D.

Corpo/Escala: xeral auxiliar da Administración do Estado.

Código do posto: XUC010000015770003.

Denominación: adxunto/a secretario/a conselleiro.

Nivel: 18.

Dependencia: Gabinete do conselleiro.

Localidade: Santiago de Compostela.

Declarar deserto o posto:

Código do posto: XUC050000115770002.

Denominación: subdirector/a xeral de Seguridade e Réxime Interior.

Nivel: 30.

*Orde do 26 de decembro de 2005 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A).*

De conformidade co establecido no Decreto 161/2005, do 16 de xuño, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma para o ano 2005, esta consellería, en uso das competencias que lle atribúe a Lei 4/1988, do 26 de maio,

#### DISPÓN:

Convocar proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas de Administración especial do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, con suxeición ás seguintes bases da convocatoria:

I. Normas xerais.

I.1. O obxecto do proceso selectivo será a cobertura das distintas prazas do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, polos sistemas de promoción interna e de acceso libre, polo procedemento de concurso-oposición, correspondentes ás escalas que figuran no anexo I.

I.1.1. O número total de vacantes reservadas ao sistema de promoción interna ascende ao 25% do total das vacantes, distribuídas da forma á que se refire o anexo I.

O número total de vacantes reservadas ao sistema de acceso libre distribúese do xeito recollido no anexo I.

As prazas sen cubrir das reservadas ao sistema de promoción interna acumularanse ao sistema de acceso libre.

I.1.2. De conformidade coa disposición adicional sétima da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e co Decreto 161/2005, do 16 de xuño, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da comunidade autónoma para o ano 2005, do total de prazas reservadas, de ser o caso, en cada escala o número de prazas que constan no citado anexo I, para seren

cubertas por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%. Esta cota de reserva aplicarase ao sistema de acceso libre. De figurar en branco no dito anexo I, enténdese que non existe reserva ao respecto, por non se acadar as porcentaxes mínimas exixidas.

No suposto de que tal/tales praza/s non sexa/n cuberta/s, pasarán a integrarse ás restantes prazas. Así mesmo, no suposto de que algún aspirante con discapacidade que se presentase pola cota de reserva de discapacitados superase os exercicios correspondentes, pero non obtivese praza, e a súa puntuación fose superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso libre, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso libre.

I.1.3. Os aspirantes só poderán participar nun dos sistemas citados. Se da instancia que se presente non se deduce a súa opción, serán excluídos nas listas provisionais que se publiquen. De non emendar o defecto na solicitude, quedarán definitivamente excluídos. Polo tanto, tras a publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos, non se permitirá ningún cambio de quenda posterior ou calquera outro tipo de corrección ou aclaración ao respecto.

I.1.4. A este proceso selectivo seralle aplicable a Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia; a Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública; o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 17/1993, do 23 de decembro, de acceso a determinados sectores da función pública dos nacionais dos Estados membros da Unión Europea e demais normas concordantes, así como o disposto nesta convocatoria.

## I.2. Requisitos dos candidatos.

Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter ata o momento da toma de posesión como funcionario, os seguintes requisitos:

### I.2.1. Para promoción interna:

I.2.1.1. Non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

I.2.1.2. Pertencer como funcionario de carreira a algún dos corpos ou escalas integrados no grupo B da Xunta de Galicia (corpo de xestión de Administración da Xunta de Galicia ou corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia), de acordo co disposto no Decreto 93/1991, de 20 de marzo, de integración dos funcionarios na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

I.2.1.3. Ter prestados servizos efectivos como funcionario de carreira nun dos ditos corpos durante polo menos dous anos, computados desde o ingreso ou desde a integración nel.

Para estes efectos consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de servizos especiais e de excedencia para o coidado de fillos e familiares (artigo 55.4º da Lei 4/1988).

I.2.1.4. Estar en posesión ou en condicións de obter o título que para cada unha das escalas se especifica no anexo II. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

I.2.1.5. Compatibilidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.1.6. Habilitación: Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

### I.2.2. Para acceso libre:

#### I.2.2.1 Nacionalidade:

a) Ser español.

b) Ser nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

c) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e o dos nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan as súas expensas.

I.2.2.2. Idade: ter dezoito anos e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

I.2.2.3. Estar en posesión ou en condicións de obter o título que para cada unha das escalas ou especialidades se especifica no anexo II.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá estarse en posesión do documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

I.2.2.4. Compatibilidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

I.2.2.5. Habilitación: non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar, igualmente, non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

1.2.2.6. Ademais dos requisitos anteriores, os aspirantes que se presenten pola cota de reserva de discapacitados terán que ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% por cento.

### I.3. Solicitudes.

I.3.1. Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia que se axustará ao modelo que se publica como anexo IV desta convocatoria. Xunto coa instancia presentárase a seguinte documentación.

#### a) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

Os aspirantes estranxeiros que residan en España deberán, ademais, presentar unha fotocopia cotexada da tarxeta de residente comunitario ou de familiar de residente comunitario en vigor ou, se é o caso, da tarxeta temporal de residente comunitario ou de traballador comunitario fronteirizo en vigor.

Os aspirantes que sexan nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, que non residan en España en réxime de estadía, deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento de identidade ou pasaporte.

Os familiares dos anteriores deberán presentar unha fotocopia cotexada do visado e, de ser o caso, do xustificante de ter solicitado a correspondente tarxeta ou xustificante de ter solicitado a exención do visado e da correspondente tarxeta. De non ter solicitado estes documentos deberán presentar os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo do parentesco, e unha declaración xurada ou promesa do español, do nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, co que existe este vínculo, de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente.

Por imperativo legal, de conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos, e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, como requisito necesario para participar no proceso selectivo deberase aboar previamente en concepto de dereitos de exame o importe da taxa que estea vixente no momento de presentación da solicitude, en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia. Para o ingreso da taxa empregárase o impreso de auto-liquidación sinalado no anexo V. O dito impreso facilitaráselles aos interesados no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das súas delegacións provinciais

e nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia, debendo cubrirse cos códigos que figuran no referido anexo V.

Estarán exentos do pagamento das taxas por dereitos de inscrición, logo da xustificación documental, as persoas sinaladas no artigo 23.5º da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

A presentación do xustificante do ingreso das taxas, no que non figure o selo da entidade bancaria con indicación da data, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación, en tempo e forma, da solicitude.

Poderase facer efectivo, así mesmo, o pagamento da taxa pola internet nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Para isto, deberán acceder á oficina tributaria, a través da oficina virtual na páxina web da Consellería de Economía e Facenda ([www.economiaefacenda.org](http://www.economiaefacenda.org)) e premer a ligazón taxas, prezos, multas e sancións no menú da marxe esquerda. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento da taxa correspondente imprimirase o xustificante de ter aboada a taxa, que será o que se achegue xunto coa instancia. En ningún caso, a presentación deste xustificante suporá a substitución da presentación, en tempo e forma, da solicitude.

O importe aboado en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, só aos aspirantes excluídos que o soliciten, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da resolución definitiva da Dirección Xeral da Función Pública á que fai referencia o punto terceiro da base I.4.2.

c) Documento xustificativo (orixinal ou fotocopia debidamente compulsada) de estar en posesión do título do curso de perfeccionamento de galego, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de Política Lingüística da Xunta de Galicia, para a exención prevista no terceiro exercicio.

I.3.2. A presentación de solicitudes farase nas oficinas do rexistro da Xunta de Galicia, oficinas de Correos e demais lugares previstos no artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e dirixiranse ao titular da Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

As solicitudes subscritas no estranxeiro poderán cursarse, no prazo expresado no parágrafo anterior, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

Para calquera aclaración ou información adicional, os interesados poderán poñerse en contacto telefónico, no número 902 12 00 12, das 9.00 ás 19.00 horas de luns a venres e das 9.00 ás 14.00 horas os sábados.

I.3.3. Os aspirantes cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, a que se refire a base I.1.2, deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando claramente o tanto por cento de discapacidade recoñecida polo órgano competente. Así mesmo, deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e/ou medios para a realización dos exercicios en que esta adaptación sexa necesaria, todo iso conforme o contido na Lei 13/1982, do 7 de abril, e no Decreto 161/2005, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2005.

#### I.4. Admisión de aspirantes.

I.4.1. Expirado o prazo de presentación de instancias, o titular da Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución de conformidade co establecido no artigo 12 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, así como oportunamente nos lugares determinados pola normativa vixente e na que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, así como as causas da súa exclusión e a indicación do lugar no que se atopan expostas as listas de admitidos. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade.

I.4.2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dez días, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendarr, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión.

Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

Unha vez transcorrido o dito prazo, a Dirección Xeral da Función Pública ditará resolución definitiva, contra a que se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes a contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no artigo 8.2º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, en relación co artigo 10.1º do mesmo texto legal.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que se debe presentar no caso de superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todo os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

#### II.-Concurso-oposición.

O proceso de selección será o de concurso-oposición.

#### II. 1 Fase de oposición.

O programa que rexerá as probas selectivas será o publicado como anexo III a esta orde.

II.1.1. Exercicios comúns para os ambos sistemas de acceso.

a) Primeiro exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario de cen (100) preguntas tipo test, máis tres (3) de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será a correcta, que será o resultante do sorteo de entre dous cuestionarios elaborados previamente por este e correspondentes ao contido do programa. O tempo máximo de duración será de tres horas.

Cada opositor poderá obter copia do exercicio realizado ao remate deste.

No prazo das vinte e catro horas seguintes ao da celebración farase pública, no lugar de realización do exercicio, o modelo do test, indicando as respostas correctas.

Este exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos. Para iso terase en conta que, por cada dúas respostas incorrectas, se descontará unha correcta.

Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas exixido para acadar a puntuación mínima.

As puntuacións publicaranse en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, dándose un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio terá lugar no prazo máximo de corenta días, desde a constitución do tribunal que xulga as probas.

O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que este exercicio sexa corrixido sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluírá aqueles candidatos con exercicios nos que figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

b) Segundo exercicio, de carácter eliminatorio: os aspirantes, no prazo máximo de seis horas, deberán desenvolver por escrito tres (3) temas, un (1) da parte común e dous (2) da parte específica do programa (dentro desta, un da primeira parte e outro da segunda parte), de conformidade co establecido no programa que figura no anexo III desta orde. Os tres temas serán elixidos polo opositor de entre dous (2) da parte común e catro (4) da parte específica (a razón de dous por cada unha das partes), obtidos mediante sorteo polo tribunal de entre os que forman o contido do programa.

Posteriormente, serán convocados oportunamente polo tribunal para proceder á lectura polo opositor en sesión pública ante o tribunal, que o cualificará valorando os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade de expresión escrita, así como a súa forma de presentación e exposición.

O tribunal disporá da obtención de copias fotoes-táticas dos exercicios para cotexar a lectura efectuada polo aspirante.

Este exercicio cualificaranse de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter como mínimo 10 puntos, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar a puntuación mínima.

As puntuacións publicaranse, en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, dándose un prazo de dez días para efectos de alegacións.

O exercicio terá lugar nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

c) Terceiro exercicio, de carácter eliminatorio, constará de dúas probas:

Primeira proba: consistirá na traducción dun texto do castelán ao galego elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

Segunda proba: consistirá na traducción dun texto do galego ao castelán, elixido por sorteo de entre dous textos propostos polo tribunal.

O tempo máximo para a realización do exercicio será de unha hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar o resultado de apto.

As puntuacións publicaranse en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios de Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, dándose un prazo de dez días para efectos de alegacións.

Este exercicio terá lugar no prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que este exercicio sexa corrixido sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluírá aqueles candidatos con exercicios nos que figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

Estarán exentos da realización do terceiro exercicio os aspirantes que acrediten a posesión do curso de perfeccionamento de galego, ou estudos equivalentes.

II.1.2. Exercicio específico para o sistema de acceso libre.

Cuarto exercicio, de carácter eliminatorio: consistirá na resolución dun suposto práctico á elección do aspirante de entre dous, que serán os resultantes do sorteo levado a efecto entre 4 elixidos polo tribunal, e relacionados coas materias correspondentes ao contido do programa no que se refire aos temas específicos de cada escala. Disporá dun tempo máximo de catro horas para efectualo.

Para a realización do cuarto exercicio poderán servirse os opositores de textos legais sen comentarios, excluíndose os libros de consulta.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos, correspondéndolle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar a puntuación mínima.

As puntuacións publicaranse en todo caso, no lugar onde se realizou o exercicio, no taboleiro de anuncios de Servizo de información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)), unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios, dándose un prazo de dez días para efectos de alegacións. .

Este exercicio terá lugar nun prazo mínimo de 48 horas desde o remate do exercicio anterior e máximo de 40 días.

O presidente do tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que este exercicio sexa corrixido sen que se coñeza a identidade dos aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

O tribunal excluírá aqueles candidatos con exercicios nos que figuren marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

## II.2. Desenvolvemento dos exercicios:

II.2.1. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos polo tribunal correspondente coa finalidade de acreditar a súa personalidade. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para a realización dos exercicios tipo test. .

II.2.2. En calquera momento do proceso selectivo, se o tribunal tivese coñecemento de que algún aspirante non cumpre algún dos requisitos exixidos pola convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá acordar a súa exclusión, se procede.

II.2.3. Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do tribunal e os colaboradores designados por este,

excepto a exposición do segundo exercicio, que se realizará en sesión pública.

II.2.4. A orde de actuación dos opositores iniciárase alfabeticamente polo primeiro da letra w, de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, do 26 de xaneiro de 2005, pola que se publica o resultado do sorteo realizado o día 26 de xaneiro de 2005 (DOG nº 22, do 2 de febreiro), ao tratarse dunha convocatoria correspondente ao ano 2005.

II.2.5. O primeiro exercicio, tipo test, redactarase e distribuirase exclusivamente en galego. O segundo e cuarto exercicios poderán desenvolverse en galego ou castelán.

II.2.6. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en único chamamento, sendo excluído da oposición quen non compareza.

II.2.7. A publicación dos sucesivos anuncios de celebración do segundo e restantes exercicios será efectuada polo tribunal, en todo caso, no lugar onde se realizou o anterior exercicio, no taboleiro de anuncios do Servizo de Información e Atención ao Cidadán da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e na páxina web da Xunta de Galicia ([www.xunta.es](http://www.xunta.es)), con corenta e oito horas, polo menos, de antelación á sinalada para a súa iniciación.

II.2.8. Se o tribunal, de oficio, ou con base nas reclamacións que os interesados poidan presentar nos tres días hábiles seguintes ao da realización do exercicio, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra tal acordo poderá interpoñerse recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### II.3. Fase de concurso.

#### II.3.1. Para o acceso mediante promoción interna:

##### Valoración de méritos:

##### II.3.1.1. Servizos prestados na comunidade autónoma:

Na fase de concurso valoraráselle, de acordo co previsto na disposición transitoria décimo primeira da Lei 4/1988, da función pública de Galicia, ao persoal comprendido nesta, os servizos prestados como funcionario de carreira no grupo B da Administración da Xunta de Galicia, a razón de 0,04 puntos por mes de servizos efectivos ou fracción, ata o tope de 7,2 puntos.

##### II.3.1.2. Servizos prestados noutras administracións públicas, como funcionario de carreira:

No grupo B: 0,02 puntos por mes de servizos efectivos ou fracción, ata o tope de 3 puntos.

##### II.3.1.3. Grao persoal consolidado, ata o tope de 3,5 puntos:

a) Nivel 16: 0,5 puntos.

b) Por cada nivel superior: 0,25 puntos.

##### II.3.1.4. Traballo desenvolvido:

Polo desempeño, como funcionario do grupo B, de postos de traballo incluídos no intervalo de niveis correspondentes ao grupo A: 0,20 puntos por ano completo, ata o tope de 2,3 puntos. Só se lles terán en conta os intervalos de niveis de aplicación aos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os efectos anteriores, aos funcionarios en comisión de servizos teráselles en conta o nivel de complemento de destino no seu posto de orixe e aos funcionarios en adscrición provisional o nivel correspondente ao grao que teñan consolidado.

Igualmente, aos funcionarios que se encontren en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares teráselles en conta o nivel do posto reservado na Administración da Xunta de Galicia, e aos funcionarios en situación de servizos especiais con dereito a reserva de posto na Administración da Xunta de Galicia o nivel do posto de traballo que lles correspondería ao efectuar o reingreso.

##### II.3.1.5. Cursos de formación e perfeccionamento:

Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias da escala á que se opta no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades e INEM, así como os cursos homologados e os que recibiron informe favorable da Comisión de Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia:

-Ata as primeiras 15 horas: 0,25 puntos.

-Por cada hora que exceda dese número: 0,01 puntos por hora.

Non se puntuarán os cursos que non acrediten as horas de duración, e os inferiores a quince horas lectivas non se valorarán.

Non se valorarán os diplomas relativos á celebración de xornadas, seminarios, simposios e similares.

A puntuación máxima acadable nesta epígrafe será de 2 puntos.

II.3.1.6. A puntuación obtida na fase de concurso non poderá superar os 18 puntos, sumados as epígrafes II.3.1.1. a II.3.1.5.

##### II.3.2. Para o acceso libre:

II.3.2.1. Ao persoal transferido polo Estado, tanto en réxime de contratación administrativa coma interino, ao persoal interino seleccionado a través das oportunas probas convocadas pola Xunta de Galicia, así como aos contratados administrativos en situación de expectativa de acceso á función pública segundo o Decreto 57/1983, do 6 de abril, que estivesen en activo no momento da entrada en vigor da Lei 4/1988, ou que estivesen ao servizo da Comu-

nidade Autónoma de Galicia o 1 de maio de 1990 e ao persoal contratado laboral fixo que ocupe ou ocupase postos de traballo que pola natureza das súas funcións deban ser desempeñados por funcionarios pertencentes ao corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, na escala á que se opta, valoraráselles a antigüidade na Xunta de Galicia por razón de 0,375 puntos por mes de servizos ou fracción, non podendo exceder a puntuación total dos 22,5 puntos, segundo os seguintes criterios:

a) Ao persoal interino e contratado administrativo só se lle valorarán aqueles servizos que prestasen como titulados superiores nos postos correspondentes ao grupo A, con funcións propias da escala á que se opta.

b) Ao persoal laboral só se lle valorarán os servizos prestados en postos de traballo correspondentes ao grupo I do IV convenio colectivo único para persoal laboral da Xunta de Galicia, con funcións propias da escala á que se opta.

II.3.2.2. Aos aspirantes do sistema de acceso libre que desempeñen ou desempeñasen postos de traballo na Administración da Xunta de Galicia, en réxime de persoal interino ou contratado administrativo, que deban ser desempeñados por funcionarios/as do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia na escala á que se opta, aos que non lles sexan de aplicación as disposicións transitorias da Lei 4/1988, valoraráselles os servizos prestados en tal Administración cos criterios previstos na base anterior a razón de 0,20 puntos por mes de servizos ou fracción.

II.3.2.3. Aos aspirantes contratados en réxime laboral temporal que realicen ou realizen nesta Administración funcións propias do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia na escala á que se opta, valoraráselles os servizos prestados correspondentes ao grupo I do IV convenio colectivo único para persoal laboral da Xunta de Galicia, a razón de 0,20 puntos por mes de servizos ou fracción.

II.3.2.4. Así mesmo, ao persoal que, na data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, estea prestando servizos con funcións propias do corpo facultativo superior da Xunta de Galicia na escala á que se opta e teña prestados servizos no grupo A ou grupo I noutras administracións públicas con funcións propias da escala á que se opta, valoraráselle estes coa seguinte puntuación:

a) 0,20 puntos por mes ou fracción, no caso de que o aspirante estea transferido á Comunidade Autónoma de Galicia mediante a correspondente normativa.

b) 0,13 puntos por mes ou fracción, nos supostos non incluídos na letra a) anterior.

II.3.2.5. A suma das distintas puntuacións que se poidan adxudicar conforme o previsto nas bases II.3.2.2, II.3.2.3 e II.3.2.4, en ningún caso poderá exceder de 17,5 puntos conxuntamente.

II.3.2.6. Aos aspirantes que xa accedesen á condición de funcionarios da Administración da Xunta de Galicia aos que se lles computaron os servizos

a que fan referencia os puntos II.3.2.1, 2, 3 e 4 para o seu ingreso na función pública, non se lles valorarán estes nesta convocatoria.

II.3.3. Os méritos enumerados nas bases II.3.1. e II.3.2. deberán referirse á data de publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Rematada a fase de oposición, desde a publicación polo tribunal das notas do último exercicio, os aspirantes que a superen disporán dun prazo de 15 días hábiles para presentaren a documentación relativa á fase de concurso, que irá dirixida á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Dirección Xeral da Función Pública, edificio administrativo de San Caetano, Santiago de Compostela, segundo os modelos de certificación que figuran como anexos VI e VII a esta orde, e que serán expedidas polas unidades seguintes de acordo co destino definitivo de cada aspirante:

-Servizos centrais:

Secretario/a xeral, subdirector/a xeral ou xefes/as do servizo que teñan atribuídas funcións en materia de xestión de persoal, dependentes da secretaría xeral da consellería respectiva ou dos seus organismos autónomos.

-Servizos periféricos:

Secretarios/as ou, de ser o caso, funcionario/a responsable da área de persoal das delegacións/direccións territoriais, provinciais ou comarcais da consellería respectiva, ou dos seus organismos autónomos.

Non se terán en conta as certificacións que non se axusten ao establecido anteriormente.

Xunto coa certificación anterior achegaranse as fotocopias, debidamente cotexadas, dos documentos relativos ás distintas situacións e méritos que se invoquen de conformidade coa base II.3.

II.3.4. O tribunal procederá á baremación desta fase de concurso e publicaráa no *Diario Oficial de Galicia* coa indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, os aspirantes que o consideren oportuno, poderán presentar reclamación ante o propio tribunal no prazo de dez días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da dita baremación.

Á vista das reclamacións presentadas, e realizadas, se é o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á publicación no *Diario Oficial de Galicia* da baremación definitiva da fase de concurso.

III. Tribunais.

III.1. Os tribunais cualificadores do proceso serán designados por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 7 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O nomeamento dos membros dos tribunais realizarase nun prazo máximo de tres meses desde o remate do prazo de presentación de solicitudes.

III.2. Ademais dos tribunais que se designen na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poderán nomearse máis tribunais para vulgar o proceso, por proposta do tribunal número 1, cando polo número de aspirantes isto fose necesario.

A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se nomeen os novos tribunais, de ser o caso.

III.3. Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, notificándoo á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a corpos e escalas análogos ao que correspondan as prazas convocadas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, e igualmente se colaborasen durante ese período dalgún modo con centros de preparación de opositores do corpo ao que pertencen as prazas convocadas.

O presidente deberá solicitar dos membros do tribunal declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común nin nas demais causas de abstención previstas nesta base. Esta declaración deberá ser tamén cuberta polos asesores especialistas previstos na base III.12 e polo persoal auxiliar que o tribunal incorpore aos seus traballos.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas nesta base conforme ao artigo 29 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.4. A autoridade convocante publicará no *Diario Oficial de Galicia* resolución pola que se nomeen os novos membros do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas na base III.3.

III.5. Logo da convocatoria do presidente do tribunal número 1, constituiranse os tribunais en sesión conxunta. Tal constitución entenderase válida con que asistan a esta a maioría dos membros de cada tribunal.

A celebración da sesión de constitución terá lugar no prazo máximo de quince días a partir da publicación dos tribunais e mínimo de dez días antes da realización do primeiro exercicio.

Na dita sesión, os tribunais, baixo a dirección e coordinación do tribunal número 1, adoptarán todas as decisións que lles correspondan para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

Especialmente cando as circunstancias así o aconsellen, os tribunais poderán acordar que a realización de calquera dos exercicios da fase de oposición se realice simultaneamente en varias localidades. No dito caso os aspirantes serán convocados para a realización do mencionado exercicio na localidade correspondente.

III.6. A partir da sesión de constitución, cada tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría dos seus membros, titulares ou suplentes.

III.7. O procedemento de actuación dos tribunais axustarase en todo momento ao disposto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

III.8. A cada tribunal corresponderalle vulgar un número determinado de aspirantes que estarán comprendidos entre as letras do abecedario correspondentes aos apelidos dos opositores que se lles asignasen.

III.9. Corresponderalle ao tribunal nomeado co número un:

-Cursar de orde do seu presidente citación ao resto dos tribunais para constituírse nun acto conxunto.

-Mediante anuncio público no *Diario Oficial de Galicia* e demais anuncios correspondentes fixarase o lugar, data e hora de realización do primeiro exercicio.

-Recibir os expedientes dos demais tribunais relativos ao transcurso das probas e respectivas propostas, e elevar a proposta definitiva de aprobados ao titular da Dirección Xeral da Función Pública.

III.10. Co obxecto de acadar a necesaria coordinación entre os tribunais cualificadores, todos actuarán conxuntamente baixo a dirección do número 1, que resolverá cantas consultas, interpretacións e criterios de valoración e de unificación poidan presentar e solicitar os restantes tribunais sobre as normas da convocatoria.

Os tribunais cualificadores actuarán coordinadamente procurando a maior uniformidade nos criterios valorativos dos exercicios, sen prexuízo de que funcionarán con autonomía no que se refire á selección dos aspirantes, formulando as súas propias propostas.

III.11. Por cada sesión do tribunal levantarase acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, se autorizará coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente.

III.12. Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes aos exercicios que coide pertinente, limitándose os ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores deberá comunicárselle á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

III.13. Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario, de forma que os aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que os restantes participantes. Neste sentido estableceranse, para as persoas con discapacidades que o soliciten na forma prevista na base I.3.3., as adaptacións posibles de tempo e/ou medios para a súa realización.

Se na súa realización se lle suscitasen dúbidas ao tribunal respecto da capacidade do aspirante para o desempeño das actividades habitualmente desenvolvidas polos funcionarios do corpo ao que opta, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente.

III.14. Os tribunais que actúen no proceso selectivo terán a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño.

O número máximo de sesións de cada un dos tribunais será fixado por resolución da Dirección Xeral da Función Pública, podendo só ampliar o número delas, con base en causa xustificada, a dita dirección xeral.

III.15. O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas por esta orde.

O proceso selectivo entenderase superado por aqueles que obtiveran unha maior puntuación, determinada esta pola suma da puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

III.16. As comunicacións que formulen os aspirantes aos tribunais dirixiranse á Dirección Xeral da Función Pública da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificio administrativo San Caetano. Santiago de Compostela).

IV. Lista de aprobados, presentación de documentación e nomeamento de funcionarios.

IV.1 Rematado o proceso selectivo, e no suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes este resolverase pola puntuación obtida no primeiro exercicio e, se iso non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva este. De persistir o empate resolverase pola orde alfabética á que se refire a base II.2.4.

Cada tribunal resolverá os empates que se produzan relativos aos aspirantes que, lles correspondan. No caso de que unha vez elevadas as distintas propostas ao tribunal número 1, se produzan novos empates, estes serán resoltos polo por dito tribunal, de acordo cos criterios expresados no parágrafo anterior.

IV.2. Rematado o proceso selectivo, o tribunal nº1 publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, tanto polo sistema de promoción interna coma de acceso libre, por orde de puntuacións acadadas, con indicación do seu documento nacional de identidade,

e elevará a dita relación ao titular da Dirección Xeral da Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento. Con carácter excepcional, poderase renunciar á participación no proceso selectivo ata a data en que o tribunal eleve ao titular da Dirección Xeral da Función Pública a relación de aprobados.

A partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* da relación de aprobados, os aspirantes disporán dun prazo de vinte días naturais para a presentación dos seguintes documentos:

a) Fotocopia compulsada do título exixido na base I.2, ou certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

b) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública, segundo o modelo que figura como anexo VIII a esta convocatoria.

c) Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base I.2.2.4.

d) Os aspirantes con discapacidade cun grao de minusvalidez igual ou superior ao 33% que superen o proceso selectivo deberán, ademais, acreditar tal condición, mediante certificación dos órganos competentes da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e, de ser o caso, da Administración correspondente.

Así mesmo, a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza requirirá, respecto das persoas que accedan por esta cota de reserva, documento acreditativo do órgano competente sobre a compatibilidade co desempeño das correspondentes funcións.

IV.3. Os que dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2, non poderán ser nomeados funcionarios e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

IV.4. Os que tivesen a condición de funcionarios de carreira da Administración da Xunta de Galicia están exentos de xustificar documentalmente as condicións e demais requisitos xa probados para obterem o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da consellería ou organismo de que dependesen para acreditar tal condición, con expresión do número e importe de trienios, así como a data do seu cumprimento.

IV.5. Rematado o proceso selectivo, e unha vez cumpridos os requisitos exixidos con anterioridade, os que os superasen serán nomeados funcionarios de carreira mediante orde do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* na que se indicará o destino adxudicado de acordo coa puntuación obtida no proceso selectivo.

Os aspirantes procedentes do sistema de promoción interna, en virtude do disposto no artigo 22.2º do Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, terán, en todo caso, preferencia sobre os aspirantes provenientes de sistema de acceso libre para cubrir as vacantes correspondentes.

Así mesmo, poderán tomar posesión da praza que viñesen desempeñando con carácter definitivo, cando esta, de conformidade cos requisitos exixidos nas relacións de postos de traballo, poida ser desempeñada por funcionarios pertencentes ao corpo/escala ao que accedan, de acordo co disposto no artigo 60 da Lei 4/1988, do 26 de maio.

IV.6. A adxudicación das prazas aos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa puntuación sinalada na base III.15.

IV.7. A toma de posesión dos aspirantes aprobados será efectuada no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do seu nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade coas disposicións previstas na Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e demais normas concordantes.

#### V. Disposición derradeira.

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, segundo o artigo 8.2º en conexión co artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu

Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

#### ANEXO I

Escalas; P. interna; A. libre; Cota discapac.; Total prazas.

Enxeñeiros industriais:	4	10	1	15.
Arquitectos:	4	9	1	14.
Químicos:	1	3		4.
Arqueólogos	2	4		6.

#### ANEXO II

Grupo A.

Escalas; títulos exixidos.

Enxeñeiros industriais: enxeñaría industrial.

Arquitectos: arquitectura.

Químicos: licenciado en químicas.

Arqueólogos: licenciado en historia ou titulación equivalente.

#### ANEXO III

Programa que rexerá as probas selectivas para o ingreso no corpo facultativo de grao superior da Xunta de Galicia (grupo A), escalas de enxeñeiros industriais, arquitectos, químicos e arqueólogos.

Parte común a todas as escalas.

1. O concepto de Constitución. A Constitución como norma xurídica. A Constitución española de 1978, principios informadores. Estrutura e contido.

2. A Coroa: funcións constitucionais. As Cortes Xerais. O Congreso dos Deputados e o Senado. Composición e funcións. Aprobación das leis.

3. O Goberno. A súa composición e funcións. O presidente do Goberno. Os ministros. Relacións entre o Goberno e as Cortes.

4. A Administración do Estado. Órganos centrais. Órganos periféricos. Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais. Órganos consultivos da Administración do Estado. O Consello de Estado e outros órganos consultivos.

5. A distribución territorial do poder do Estado. O Estado das autonomías na Constitución. Procesos de constitución das comunidades autónomas. Estrutura, aprobación e reforma dos estatutos de autonomía.

6. O Estatuto de autonomía de Galicia. Competencias da Comunidade Autónoma. O Goberno da Comunidade Autónoma.

7. A Xunta de Galicia e o seu presidente. O Parlamento de Galicia. Control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

8. A Administración pública da Comunidade Autónoma. O Consello da Xunta. Composición e funcións. Os conselleiros: estatuto persoal e atribucións. Organización e estrutura das consellerías. A Administración periférica da consellerías.

9. O persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma. Persoal funcionario e persoal laboral. Réxime xurídico da función pública galega.

10. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Ámbito de aplicación e principios informadores. Fases: iniciación, ordenación, instrución e terminación.

11. Os recursos administrativos. Concepto e clases, requisitos xerais. Recursos de alzada, reposición e extraordinario de revisión.

12. Os contratos administrativos. As súas clases. Formas de contratación. Contido e efectos dos contratos administrativos. Cumprimento dos contratos administrativos. Risco e ventura e forza maior na contratación administrativa. Revisión de prezos. Resolución, rescisión e renuncia.

13. A expropiación forzosa. Potestade expropiatoria. Natureza e xustificación. Suxeitos, obxecto e causa. Procedemento xeral expropiatorio. Garantías xurisdiccionais.

14. A responsabilidade patrimonial da Administración. Características do sistema vixente. Lesión determinante, suxeitos imputables e causas da imputación. A extensión da reparación. A acción de responsabilidade.

15. As propiedades administrativas en xeral. Clases. O dominio público. Concepto, natureza xurídica e elementos. Réxime xurídico do dominio público.

16. As Comunidades Europeas (I). As súas fontes. Ordenamento xurídico comunitario. Os tratados orixinarios e de modificación.

17. As Comunidades Europeas (II). As institucións da Unión Europea. Órganos executivos e os seus poderes. O Consello de Ministros. A Comisión. O Parlamento europeo: composición e atribucións. O Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

18. O gasto público: concepto e réxime xurídico. Clasificacións. Principios constitucionais na materia. Limitacións dos créditos orzamentarios para gastos. Procedemento de execución do gasto público. As subvencións: réxime xurídico. O Tribunal de Contas.

19. A xestión económico-financieira pública de Galicia. A Facenda e o patrimonio da Comunidade Autónoma. Os orzamentos da Comunidade Autónoma. O control orzamentario. O Consello de Contas.

Parte específica da escala de enxeñeiros industriais.

Primeira parte.

1. A industria española, evolución e características actuais. Análise das principais variables industriais. Valor engadido, emprego, comercio exterior e investimentos.

2. A política fiscal e a política monetaria na economía aberta. Aspectos monetarios do financiamento do déficit público. A política fiscal en España. Evolución recente. Causas do déficit público e problemas de financiamento.

3. Balanza de pagamentos. Concepto, estrutura e equilibrio, o mercado de cambios. Teorías da determinación do tipo de cambio.

4. O Fondo Monetario Internacional. Evolución recente do sistema monetario internacional. Os mercados financeiros internacionais de curto e longo prazo. O problema da débeda dos países en desenvolvemento.

5. A cooperación económica internacional. A OMC e neoproteccionismo. A UNCTAD e os problemas dos países menos desenvolvidos. O Banco Mundial e os bancos rexionais de desenvolvemento. A OCDE. Outras formas e institucións de cooperación económica.

6. Unión Europea. Orixe e evolución. A orde xurídica comunitaria e as institucións comunitarias. O orzamento comunitario. A política de cohesión e os fondos estruturais. Axenda 2000.

7. Unión Europea. A libre circulación de mercadorías, persoas, servizos e capitais. A Acta Única e o Mercado Único Europeo. A política da competencia.

8. Unión Europea. A política comercial exterior. O Espazo Económico Europeo. A Unión Económica e Monetaria.

9. Os efectos económicos da adhesión de España á CEE. Especial referencia ao sector industrial e enerxético. A política da competitividade.

10. Sistema financeiro español. Institucións e mercados (monetario e de capitais), implicacións do espazo financeiro europeo. O papel do Banco Central Europeo e do Sistema Europeo de Bancos Centrais.

11. O mercado de traballo en España. Evolución recente e situación actual. As reformas do mercado de traballo.

12. O concepto de empresa. A empresa como sistema. Característica básica dun sistema e a súa aplicación á empresa. Áreas funcionais máis características da empresa. Contido e actividades que comprende. Empresa privada e empresa pública. Empresas multinacionais. Os seus conceptos, importancia e contorno económico.

13. Aspectos xurídicos básicos da empresa. Clases de empresas segundo a súa forma xurídica. Especial mención á sociedade anónima. O rexistro mercantil. Outros tipos de empresas. Sociedades limitadas. Empresas cooperativas.

14. Os estados financeiros da empresa. Balance. Conta de resultados. Do balance de situación ao balance de xestión. Ordenación de contas. Masas patrimoniais do activo e pasivo.

15. Análise e diagnóstico económico-financieiro. Obxectivos financeiros da empresa. Rendibilidade, liquidez e risco. Obxectivos do diagnóstico. Análise patrimonial. Esquema de orixe e aplicación de fondos. Medidas da liquidez. *Cash-flow* e o seu financiamento. Rotación do activo circulante e os seus compoñentes. Flotación de provedores. Medidas da solvencia e a liquidez. Fondo de manobra e capital de traballo necesario.

16. Rendibilidade sobre fondos propios e rendemento sobre activo total. Descomposición da rendibilidade: marxe, rotación, aparcamento financeiro. Análise de custos: fixos e variables. As relacións custo-volume-beneficio. O punto morto.

17. Desenvolvemento tecnolóxico na empresa. A función de investigación e desenvolvemento. Información tecnolóxica: acceso bancos de datos e redes. Financiamento ao desenvolvemento tecnolóxico.

18. Planificación estratéxica e operativa. Programación e orzamentos. Modelos e instrumentos de planificación, programación e elaboración de orzamentos. Funcións directivas: planificación, organización, dirección, motivación e control.

19. Organización empresarial e factor humano. Principios básicos de organización e modelos organizativos. Selección, formación e promoción de persoal. Relacións industriais. Sindicatos e empresas, negociación colectiva, política de persoal.

20. Estrutura financeira da empresa. Fontes de financiamento: propias e alleas. O concepto de custos dos recursos e a súa utilización na selección de proxectos de investimentos. Fontes de financiamento máis comúns no noso sistema financeiro, inscrición, utilización, custos e mercados subministradores.

21. O plan de investimentos. A definición dos proxectos de investimentos. Investimento inicial, custos relevantes, fluxos de custos anuais. Criterios económicos de decisión para a aceptación de proxectos de investimentos e a súa priorización. O problema da denominación do custo do diñeiro e a súa aplicación como taxa de actualización. Política de investimentos na empresa.

22. Informática aplicada á empresa. Redes de comunicacións. Internet. Intranet. Correo electrónico. O comercio electrónico. Teletraballo.

23. A diagnose de empresa con dificultades. Os estudos de viabilidade. Plans de emprego e reestruturación empresarial.

24. Auditorías internas e externas. A auditoría técnico-económica dos proxectos de investimento. Valoración de empresas.

25. A insolvencia da empresa. Declaración de concurso: presupostos e efectos. A Administración concursal. O convenio cos acredores: eficacia. Disolución e liquidación de sociedades mercantís no noso ordenamento positivo.

Segunda parte.

26. Evolución da política industrial en España ata a crise enerxética. A autarquía. A liberación de 1959. A planificación indicativa. As industrias de interese preferente e o réxime de autorización previa. Factores limitativos e impulsores do desenvolvemento industrial español.

27. A política industrial española desde a crise enerxética. Principais problemas económicos e medidas adoptadas. Reconversión e reindustrialización: antecedentes doutros países e en España, lexislación xeral e principais instrumentos. A Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI): antecedentes e funcións. O proceso de liberalización e privatización do sector público industrial.

28. Lexislación básica sobre a industria. A Lei de industria: ordenación do sector industrial e coordinación entre as administracións públicas. O Rexistro de establecementos industriais. A Oficina Española de Patentes e Marcas. Lexislación, actividades e perspectivas futuras. Situación actual competencial.

29. Lexislación básica sobre minaría. Lei 22/1973, de minas. Regulamento xeral para o réxime da minaría. Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira. A Lei 54/1980, de modificación da Lei de minas. Situación actual competencial tras o proceso de transferencias ás comunidades autónomas.

30. A política de axudas á minaría. A Lei de fomento da minaría e o seu desenvolvemento normativo. Réxime fiscal da minaría. Lei 43/1995. O factor de esgotamento. Impostos mineiros.

31. A minaría do carbón: descrición e problemática do sector. A reestruturación e reordenación da minaría do carbón. Plan de modernización, racionalización e reestruturación da minaría do carbón 1998-2002. O Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras.

32. Explosivos, cartuchería e artificios pirotécnicos. O Regulamento de explosivos e as súas instrucións técnicas complementarias (ITC) de desenvolvemento. Ordenación xurídica da fabricación, circulación, utilización, almacenamento, comercio e tenza. As voaduras especiais.

33. Plans I+D enerxéticos: evolución desde o Plan de Investigación Enerxético de 1985 ata a actualidade. Plans I+D de residuos radioactivos. O Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas (CIEMAT). O IDAE.

34. Lexislación básica do sector eléctrico. Antecedentes ata a Lei 54/1997-A Lei 54/1997, do sector eléctrico: planificación enerxética, ordenación da subministración, réxime económico, produción de enerxía e réxime especial, transporte, distribución e subministración de enerxía eléctrica. Outros aspectos relevantes da lei. Directivas europeas no sector. Estrutura do sector en España e Galicia. Plans de electrificación.

35. Lexislación básica do sector nuclear. Plans nacionais de residuos radioactivos. Empresa Nacional de Residuos Radiactivos (Enresa). Competencias da Comunidade Autónoma nesta materia. O Consello de Seguridade Nuclear.

36. Réxime especial de produción de enerxía eléctrica. Antecedentes. A Lei 82/1980, sobre conservación da enerxía, e o Real decreto 2366/1994. O Real decreto 2818/1998, sobre produción de enerxía eléctrica por instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxía renovables, residuos e coxeración. O plan de fomento das enerxías renovables. Libro branco das enerxías renovables na UE. Situación en Galicia.

37. O sector do gas: produción e aprovisionamento de cru, refinado, transporte e distribución. Estrutura do sector na Unión Europea e en Galicia. Fontes de aprovisionamento. Separación de actividades e liberalización: normativa básica de hidrocarburos. Transición á competencia. A gasificación en Galicia.

38. O sector do petróleo: produción e aprovisionamento do cru, refinado, transporte e distribución. A normativa básica de hidrocarburos. A distribución de gases licuados do petróleo. As medidas de liberalización do sector. Situación galega no sector.

39. Normativa sobre protección ambiental en Galicia. A Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia. Graos de protección aplicables aos proxectos.

40. Decreto 442/1990, de avaliación do impacto ambiental de Galicia.

41. Decreto 327/1991, do 4 de outubro, de avaliación de efectos ambientais para Galicia.

42. Lexislación básica sobre augas. A subministración de auga. Réxime xurídico das augas subterráneas. A Administración hidráulica de Galicia: organismo autónomo Augas de Galicia e a Confederación Hidrográfica do Norte de España. Autorizacións de captacións e verteduras.

43. A política de investigación. Lei de fomento e coordinación da investigación científica e técnica. Plan Nacional de I+D. A Comisión Interministerial de Ciencia e Tecnoloxía. Asociacións de investigación. A política de investigación na Unión Europea e Programa Marco de I+D.

44. A política industrial de I+D e de innovación industrial. Programas de axudas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio á investigación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á innovación. Instrumentos fiscais e financeiros. O Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI). Cooperación Internacional en I+D. A Lei 12/1993, de fomento da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia. Plan Estratéxico de Innovación de Galicia 2010. A Comisión Interdepartamental de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia. O Consello Asesor de I+D+I.

45. Os investimentos estranxeiros en España. Lexislación básica. Evolución e situación actual. Os efectos do investimento estranxeiro sobre a industria española. As empresas transaccionais. Análise sobre o capital e tecnoloxía. A cooperación internacional no sector industrial.

46. O investimento industrial español no exterior. Lexislación básica. Evolución e situación actual. A globalización dos mercados e a internacionalización da industria española. Promoción industrial exterior. Asistencia técnica e exportación de tecnoloxía e de plantas industriais.

47. A seguridade industrial. Lexislación sobre produtos e instalacións industriais. Regulamento e homologación de vehículos. Inspección Técnica de Vehículos. Fomento da Calidade e Seguridade Industrial (referencia á Lei de industria).

48. A política de normalización, homologación e certificación de produtos industriais. O enfoque global. Control de produtos industriais. Infraestrutura da calidade e seguridade industrial. Regulamentación básica sobre infraestruturas para a calidade e a seguridade industrial. A harmonización de lexislacións, técnicas e eliminación de obstáculos técnicos ao comercio. As súas perspectivas na Unión Europea e a Organización Mundial do Comercio.

49. Dimensión empresarial e competitividade industrial. Fusións e concentracións de empresas. Alianzas estratéxicas. Os vínculos entre grandes, pequenas e medianas empresas. O apoio á pequena e mediana empresa industrial. A política española de defensa da competencia.

50. A política industrial rexional española antes e despois da integración na CEE. Os incentivos de localización industrial. As sociedades de desenvolvemento rexional. A Lei 50/1985, de incentivos rexionais. A participación da Unión Europea na definición e execución da política de desenvolvemento rexional. A participación das comunidades autónomas nesta política.

51. O sector da sociedade da información. Lexislación do sector das telecomunicacións e da sociedade da información. Redes. Situación en Galicia.

Parte específica da escala de arquitectos.

Primeira parte.

1. A Lei 38/1999, de ordenación da edificación. Exixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías.

2. Disposicións relacionadas coa edificación. Tipo, contido, obrigatoriedade, control. Normas, regulamentos e instrucións. O Código Técnico de Edificación.

3. Disposicións sobre redacción de proxectos e dirección de obras. O libro de ordes e visitas. O certificado final de obras. Responsabilidade profesional do arquitecto. Intervencións dos colexios profesionais de arquitectos: o visado colexial.

4. Requisitos básicos da edificación na Lei de ordenación de edificación. O libro do edificio.

5. Normas tecnolóxicas de edificación (NTE). Clasificación sistemática. Especificacións. Contido e estrutura das NTE. Ámbito de aplicación. Obrigatoriedade.

6. Seguridade en caso de incendios na edificación. Normativa técnica.

7. O uso racional da enerxía. Aforro de enerxía e illamento térmico. Normativa técnica. O Regulamento das instalacións térmicas nos edificios (RITE).

8. O acondicionamento acústico na edificación. Normativa técnica. A Lei de protección contra a contaminación acústica e o seu regulamento.

9. O control de calidade na edificación. As entidades e laboratorios de control da calidade na Lei de ordenación de edificación. Plan de Control de Calidade. Normativa autonómica.

10. Seguridade e saúde nas obras de construción. Real decreto 1627/1997.

11. Normativa sobre condicións mínimas de habitabilidade das vivendas. A súa tramitación.

12. A Lei 8/1997, sobre condicións de accesibilidade e supresión de barreiras. Regulamento para o seu desenvolvemento e execución. Decreto 35/2000.

13. O acceso aos servizos de telecomunicacións, audiovisuais e de información. Normativa específica.

14. As estruturas de aceiro na edificación. A súa normativa técnica e o seu comportamento co lume e a corrosión. Control de execución.

15. A construción en formigón. A evolución da súa normativa técnica. Compoñentes básicos. Control de calidade estrutural. Tipos de formigóns.

16. Albanaría: normativa técnica. Fábrica de ladrillo e bloques. Muros de carga. Control de calidade: materiais e condicións de execución.

17. Cubertas: normativa técnica. Tipos de cuberta. Materiais de cobertura e sistemas de impermeabilización. Accións sobre as cubertas.

18. Organización de obras: técnicas de programación. Plan de obra. Control do proceso construtivo.

19. Contratación de obras oficiais: lexislación vixente. Actuacións preparatorias: pregos de prescricións, supervisión de proxectos, replanteo previo. Clasificación empresarial.

20. O contrato de obras: tipos de expedientes de contratación. Formas de adxudicación. Formalización do contrato. Comprobación do replanteo.

21. Execución do contrato de obras. Dereitos e deberes dos contratistas. Abonos ao contratista. Modificación do contrato de obras. Recepción e liquidación. Revisión de prezos.

22. A sustentabilidade na edificación. Os criterios de deseño.

Segunda parte.

1. Lexislación actual sobre vivendas de protección oficial. Normas xerais. Concepto. Ámbito de aplicación; destino; superficie útil, módulos e promotores.

2. Vivendas de protección oficial de promoción privada. Réxime legal. Tramitación. Financiamento. Normas de deseño e calidade. Vivendas reservadas para minusválidos.

3. Vivendas de protección oficial de promoción pública: concepto e normas xerais de promoción. Réxime legal. Adxudicación de vivendas desta clase. Normas de deseño e calidade de VPO de promoción pública.

4. Actuacións protexidas en materia de rehabilitación. Rehabilitación de vivendas e edificios en conxuntos históricos. Requisitos, condicións; cualificación.

5. Actuacións en vivendas rurais. Rehabilitación, reconstrución e infravivenda. Requisitos, condicións e tramitación.

6. Dereito urbanístico: evolución histórica da lexislación urbanística en España. Evolución da lexislación galega sobre urbanismo e ordenación do territorio. Principios básicos do ordenamento urbanístico vixente.

7. A organización administrativa do urbanismo: o urbanismo como función pública. Competencias da Administración do Estado. Competencias da Administración autonómica. Competencias da Administración local, en particular os concellos. Procedemento de elaboración e aprobación do planeamento urbanístico.

8. Réxime xurídico do solo: dereitos e deberes dos propietarios do solo. A clasificación urbanística do solo. Réxime do solo urbano consolidado e non consolidado. Réxime do solo urbanizable. Réxime do solo de núcleo rural. Réxime do solo rústico.

9. Planeamento urbanístico: os plans como figuras centrais do ordenamento urbanístico. As normas provinciais. O Plan Xeral de Ordenación Municipal. O planeamento do desenvolvemento: plans parciais, plans de sectorialización e plans especiais. Os estudos de detalle.

10. Execución do planeamento: principios xerais. Áreas de repartición e polígonos. Os sistemas de actuación: expropiación, cooperación, compensación, concerto e concesión da obra urbanizadora. Obtención de terreos dotacionais.

11. Disciplina urbanística: principios xerais. As licenzas urbanísticas. A protección da legalidade urbanística, infraccións urbanísticas e as súas sancións. A inspección urbanística.

12. Ordenación do territorio: principios xerais. As directrices de ordenación do territorio. Os plans territoriais integrados. Os programas coordinados de actuación. Os plans e proxectos sectoriais. Os plans de ordenación do medio físico.

13. Estradas e ferrocarril: lexislación estatal e autonómica.

14. Costas e portos: lexislación estatal e autonómica. O dominio público marítimo terrestre e a súa protección. Planificación urbanística da franxa litoral e dos portos. Distribución de competencias entre as administracións estatal, autonómica e local.

15. Espazos naturais: lexislación estatal e autonómica. Espazos naturais de interese comunitario: a Rede Natura 2000. Usos permitidos e prohibidos nas zonas de especial conservación. Significado das actividades vinculadas aos usos tradicionais.

16. O patrimonio cultural: evolución do concepto do patrimonio o través de documentos e cartas internacionais. Criterios de intervención nos conxuntos históricos-artísticos e nos edificios históricos. Materiais e sistemas construtivos tradicionais aplicados á conservación e restauración.

17. Lexislación estatal e autonómica de protección do patrimonio cultural e dos camiños de Santiago. Competencias e obrigas das distintas administracións na protección do patrimonio cultural.

18. Principios legais de protección do patrimonio cultural e a súa vinculación coa lexislación vixente en materia de ordenación urbanística e protección do medio rural.

19. Sistemas de valoración. Valor en renda. Valor por comparación. Valor por capitalización. Valor de mercado. A depreciación: as súas clases.

20. Valoracións do solo. Aplicación dos criterios da lexislación estatal sobre réxime do solo a valoracións.

21. O valor equitativo na expropiación. O prezo xusto. Valoración das construcións: métodos de valoración. A valoración fiscal. Normas técnicas para determinar o valor catastral.

22. O catastro. Situación actual da institución catastral en España. Órganos competentes na xestión catastral.

23. A lexislación de arrendamentos urbanos. Principios xerais.

Parte específica da escala de químicos.

Primeira parte.

1. Tecnoloxía química. Leis de conservación da materia, enerxía e cantidade de movemento. Balances macroscópicos e microscópicos. Operacións básicas, conceptos e clasificación. Tipos de procesos, continuos e descontinuos, operacións en estado estacionario e non estacionario. Fundamentos de reactores químicos, reactores ideais.

2. Relación entre estrutura e propiedades da materia. Propiedades físicas: estados de agregación e cambios de estado. Propiedades químicas: a influencia do enlace químico. Reaccións químicas, equilibrio químico.

3. Análise volumétrica. Volumetrías ácido-base. Volumetrías redox. Volumetrías de precipitación. Volumetrías de formación de complexos.

4. Gravimetrías. Potenciometrías e condutimetrías. Fundamentos, equipamentos e aplicacións. Electroforese. Fundamentos, equipamentos e aplicacións.

5. Técnicas cromatográficas. Cromatografía en fase líquida, cromatografía en fase gasosa. Fundamentos. Compoñentes básicos dos equipamentos. Aplicacións.

6. Métodos espectrométricos: espectrometría de infravermellos, visible e ultravioleta. Fundamento, equipamentos e aplicacións.

7. Espectrometría de absorción atómica e de inxección de plasma. Chama. Cámara de grafito. Xerador de hidruros. Fundamentos, equipamentos e aplicacións.

8. Espectrometría de masas. Fundamento, equipamentos e aplicacións.

9. Espectrometría de resonancia magnética nuclear. Fundamento, equipamentos e aplicacións.

10. Prevención de riscos laborais. Servizos de prevención. Condicións dos lugares de traballo. Os axentes químicos como riscos laborais. Clasificación dos produtos químicos en función das súas características de risco. Medidas de prevención. Valores máximos de exposición laboral. Substancias e preparados perigosos. Axentes canceríxenos mutaxénicos e teratoxénicos. Axentes biolóxicos.

11. Seguridade en laboratorios de análise. Riscos laborais nos laboratorios. Avaliación de riscos. O traballo con reactivos. Tipos. Clasificación: o número EINECS e o número CAS. Frases R e frases S. Preparación e eliminación de reactivos. Almacenamento de produtos químicos. Normas de seguridade. Tipos de envases. Armarios de seguridade. Produtos incompatibles. Organización do almacén. Primeiros auxilios en caso de accidente nun laboratorio químico.

12. Sistemas de aseguramento da calidade. Normas de calidade. Exixencias de acreditación dos laboratorios. Procedementos de traballo normalizados. Validación de métodos. Cualificación do persoal. Calibración, control e mantemento de equipamentos. Inventarios e fichas de equipo. Auditorías.

13. Control da calidade Erros nas medidas, precisión e exactitude, reproducibilidade e repetibilidade, límites de confianza. Cálculo de incertezas. Emprego de materiais de referencia: tipos. Ensaos interlaboratorios. Duplicado de mostras.

14. Toma de mostras para análise química: importancia nos resultados das análises. Representatividade das mostras. Distintos procedementos de toma de mostras. Conservación e preparación de mostras para análise química. Homoxeneización e redución do tamaño da mostra. Conservación dos diferentes tipos de mostras segundo as determinacións que se van realizar.

15. O solo: textura e estrutura. Propiedades físicas e composición. Solos contaminados. Técnicas de recuperación de solos contaminados. Técnicas de contención da contaminación.

16. Augas, bacías, escarregamento e contaminación. Calidade da auga. Depuración.

17. O medio atmosférico: o aire, dinámica atmosférica. Emisión e tipo de contaminantes atmosféricos.

18. Protección do medio atmosférico. Efecto invernadoiro. Quentamento global. Choiva ácida. Prevención e corrección da contaminación atmosférica de orixe industrial. Medida de contaminantes gasosos.

19. Lei de protección ambiental de Galicia. Avaliación de efectos e impactos ambientais.

20. Lexislación básica de residuos: Plan Estatal de Residuos. Lei de residuos sólidos urbanos (RSU) de Galicia. Plan de xestión de RSU de Galicia.

Segunda parte.

21. Augas residuais: características físicas, químicas e biolóxicas. Composición da auga residual. Caudais e procedencia das augas residuais. Verteduras industriais.

22. Tratamento de augas residuais urbanas e industriais. Estación depuradora de augas residuais urbanas (EDAR). Tipos e operacións dunha EDAR. Lodos de depuradoras.

23. Xestión de residuos. Residuos sólidos urbanos. Reciclahe. Compostaxe. Tratamento por procesos químicos. Tratamento por procesos bioquímicos. Vertedoiros. Valorización enerxética. Reciclahe de materiais. Vidro. Papel e cartón. Metais. Residuos perigosos. Características que lles confiren aos residuos a súa perigosidade. Instalacións e sistemas de tratamento: tratamento fisicoquímico. Tratamento biolóxico. Valorización enerxética.

24. Produtos fitosanitarios. Concepto. Clasificación e aplicación. Persistencia e toxicidade. Efectos sobre a saúde humana e o medio. Plans de control de residuos de produtos fitosanitarios. Problemática xeral da análise de residuos de pesticidas. Métodos e aplicacións.

25. Análise de solos: textura e auga do solo. O pH e as necesidades de cal. Materia orgánica e nitróxeno. Elementos asimilables. O complexo de cambio. Carbonatos e sales solubles. Oligoelementos. Fundamentos dos métodos de análise. Determinación da fertilidade do solo mediante análise foliar.

26. Fertilizantes inorgánicos. Tipos. Fundamentos dos métodos de análise.

27. Fertilizantes orgánicos. Tipos. Fundamentos dos métodos de análise.

28. Análise química dos diferentes tipos de forraxes: determinación do valor nutritivo. Estado de conservación dos ensilados: determinacións analíticas para a súa avaliación.

29. Composición química dos pensos. Análises básicas para a determinación do seu valor nutritivo. Outros compoñentes: aminoácidos, hidratos de carbono, fósforo, calcio, cobre, urea, cloruros. Fundamentos dos métodos de análise. Análise micrográfica. Compoñentes tóxicos en pensos: fundamentos dos métodos de análise de aflatoxinas, nitratos, nitritos, metais pesados e arsénico. Determinación de PCB e dioxinas.

30. Aceites e graxas. Parámetros determinantes da calidade e pureza. Fundamentos dos métodos fisicoquímicos para a identificación dos aceites e os seus compoñentes máis importantes.

31. Carnes e produtos cárnicos. Fundamentos dos métodos analíticos dos parámetros máis importantes. Aditivos. Produtos en conserva: conservas e semi-conservas de peixe; conservas vexetais. Fundamentos dos métodos analíticos dos parámetros máis importantes.

32. Leite e produtos lácteos. Composición. Tipos. Fundamentos das determinacións analíticas dos principais compoñentes.

33. Tecnoloxía e procesamento nas industrias agroalimentarias: fabricación e procesamento de pensos, leite, produtos cárnicos e conservas.

34. O viño: tecnoloxía e procesado. Composición química. Acidez e ácidos orgánicos. Alcois e ésteres. Metais e materias minerais. Azucres. Compostos fenólicos. Alteracións e enfermidades dos vinos. Aditivos químicos: conservantes, edulcorantes, colorantes, antisépticos. Fundamentos dos métodos para análise de viño.

35. Augardentes e bebidas espirituosas: compoñentes principais. Fundamentos dos métodos para a súa análise. Cervexas: composición. Determinacións analíticas máis características. Vinagres: compoñentes principais. Fundamentos dos métodos para a súa análise. Tecnoloxía e procesado de bebidas espirituosas, cervexas e subprodutos.

36. Tecnoloxía e procesamento do petróleo e produtos derivados. Operacións básicas de refinaría. Principais procedementos. Gasolinas: tipos, composición e propiedades.

37. Tecnoloxía e procesamento da madeira: taboleiros aglomerados, pasta de celulosa e papel.

37. Tecnoloxía, procesamento, composición e control de fibras téxtiles: fibras naturais e artificiais.

38. Tecnoloxía e procesos da industria siderúrxica: aluminios e aliaxes metálicas. Tratamentos superficiais.

39. Comportamento das partículas na atmosfera. Velocidade de sedimentación e forzas de retardo. Dispersión de contaminantes. Tipos de penachos. Modelos de simulación da calidade do aire. Cálculo da altura das chemineas.

40. Calidade do aire: niveis de inmisión. Sistemas de mostraxe e análise de contaminantes atmosféricos en inmisión. Equipamentos manuais e automáticos. Redes de vixilancia da contaminación atmosférica.

41. Sistemas de redución de emisións de contaminantes. Eliminación de contaminantes particulados: cámara de sedimentación, separadores inerciais e centrífugos, filtros de mangas, separadores por vía húmida e precipitadores electrostáticos. Eliminación de contaminantes gasosos: absorción, adsorción, combustión e combustión catalítica, condensación e redución catalítica.

Parte específica da escala de arqueólogos.

Primeira parte.

1. Documentos internacionais sobre o patrimonio arqueolóxico. A Unión Europea e a protección e xestión do patrimonio arqueolóxico.

2. A normativa legal do Estado español sobre o patrimonio histórico español. Antecedentes históricos e características da normativa vixente.

3. A normativa legal da Xunta de Galicia sobre o patrimonio cultural de Galicia. Antecedentes históricos e características da normativa vixente.

4. Réxime xurídico dos bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.